



Memoria OSIMGA

Ano 2011

XUNTA DE GALICIA

Memoria dos traballos realizados polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) no ano 2011

Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2012

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Spain Attribution/Non Comercial. Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>



Índice

Introdución

1. O Observatorio	6
2. As cifras do OSIMGA en 2011	10
3. Actuacións e Proxectos 2011	14

Segundo Pleno do OSIMGA	16
-------------------------------	----

 Observacións xerais	21
---	----

Observacións temáticas	27
------------------------------	----

 Proxectos no marco do III Plan Galego de Estatística	32
---	----

Información e Vixilancia	34
--------------------------------	----

 Colaboracións	39
---	----

Eventos realizados	42
--------------------------	----

Aportacións de datos e análise	44
--------------------------------------	----





Introdución

Este documento presenta un balance dos servizos e actuacións desenvolvidas durante o ano 2011 polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), organismo adscrito á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia. O principal obxectivo desta memoria anual é difundir de maneira conxunta os resultados de todas as actividades realizadas por parte do OSIMGA durante ese período de acordo coa planificación de actividades que figura no Plan de Traballo Anual 2011, aprobado no Pleno celebrado o 2 de marzo de 2011.

O informe ofrece distintos indicadores de seguimento sobre os traballos realizados e os servizos ofrecidos polo Observatorio, presentando dun xeito sistemático todas as observacións realizadas polo OSIMGA, tanto as observacións de carácter xeral como as de carácter temático. Este informe comprende os traballos de deseño das enquisas e observacións, a recollida de información e a difusión dos resultados, así como aquelas tarefas que definen ao OSIMGA como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información de Galicia.

Este documento describe tamén o estado dos proxectos e actividades do Observatorio no marco do Plan Galego de Estatística 2007-2011, entre as que destaca a actualización do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

O informe recolle tamén as actividades realizadas polo OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada, destacando a súa web e as canles 2.0 como principais instrumentos de difusión.

Por último, abórdanse as actividades de participación, colaboración e organización de eventos realizadas polo Observatorio durante este ano para promover o intercambio de experiencias e información.

As actividades do OSIMGA enmárcanse nas iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal. As tarefas de xestión do Observatorio están encomendadas pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.







1. O Observatorio

1. O Observatorio

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) é un órgano asesor para a valoración da evolución da Sociedade da Información, a Modernización Administrativa e a Administración electrónica nas Administracións Públicas de Galicia, e para a participación e colaboración coas distintas Administracións Públicas nestas materias.

O OSIMGA é un sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos nas devanditas materias.

Creado e regulado polo Decreto 21/2010 do 4 de febreiro (DOG, 26/02/2010), o OSIMGA está adscrito á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia.

Os principais obxectivos do Observatorio son:

- Desenvolver ou promover compilacións, estudos e análises de datos que permitan coñecer cunha visión global o nivel de desenvolvemento, a tendencia e os posibles problemas que afecten a extensión da sociedade da información en Galicia e á aplicación do modelo de eGoberno nas administracións públicas galegas.
- Facilitar análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.
- Promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.
- Impulsar a organización de eventos formativos, reunións de expertos ou grupos de traballo.
- Promover e xestionar a elaboración e difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica.
- Xestionar e ofrecer periodicamente e, como mínimo, a través dunha web específica, información sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, eventos formativos, noticias de actualidade, ou enlaces con outras fontes de información, observatorios ou entidades.
- Elaborar e presentar publicamente informes que reflectan o estado de situación ou a evolución prevista.
- Facilitar datos a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia.
- Analizar o estado de desenvolvemento da Sociedade da



Información para toda a cidadanía e, en especial, no que respecta ás mulleres, ás persoas con discapacidade, ás persoas maiores e aos colectivos con risco de exclusión, promovendo liñas de actuación que potencien a súa incorporación e permanencia activa en condicións de igualdade efectiva.

- Avaliar e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración.





2. As cifras do OSIMGA en 2011



2. As cifras do OSIMGA en 2011

17 informes realizados

+ 60 consultas, análises e peticións atendidas

+ 300 indicadores monitorizados

+ 20 colaboracións establecidas con outras entidades

7 contribucións á realización de eventos

+ 35 boletíns informativos

+1.800 subscritores en liña

+35.000 visitas á web OSIMGA

+140 noticias de elaboración propia

+1.500 titulares reportados

5 canles nas redes sociais







3. Actuacións e Proxectos 2011



3. Actuacións e proxectos 2011

A fin de contribuír á definición estratéxica das políticas públicas na materia, durante o ano 2011, o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) levou a cabo unha ampla actividade prospectiva, elaborando informes de situación, de evolución e distintas análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.

Este capítulo presenta, en primeiro lugar, as actividades vinculadas ao desenvolvemento do Pleno do OSIMGA, celebrado o 2 de marzo de 2011, para abordar de seguido e dun xeito sistemático, todas as observacións, de carácter xeral e temático, postas en marcha dende aquela polo Observatorio.

O informe describe a continuación os proxectos e actividades do Observatorio no marco do Plan Galego de Estatística 2007-2011, entre as que destaca a actualización do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

A memoria recolle ademais, as actividades realizadas polo OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada, destacando, como principais instrumentos de difusión, a web do OSIMGA e as redes sociais.

Por último, abórdanse as colaboracións do OSIMGA con outros observatorios, organismos ou entidades para promover o intercambio de experiencias e información entre as distintas administracións.

3.1. Pleno do OSIMGA

O día 2 de marzo de 2011 celebrouse en Santiago de Compostela unha nova sesión ordinaria do Pleno do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA). Neste Pleno presentouse a primeira memoria anual do OSIMGA, avaliouse o estado da Sociedade da Información en Galicia e aprobouse o Plan de Traballo do Observatorio para o ano 2011.



PLENO DO OSIMGA

O Pleno do Observatorio, presidido pola Secretaria Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, Mar Pereira e integrado por representantes das distintas Administracións públicas, universidades xunto con personalidades de recoñecido prestixio en materia da Sociedade da Información e de modernización administrativa.

Nesta ocasión, o OSIMGA abriuse tamén á participación de organizacións empresariais e sindicais. De conformidade cos Acordos asinados na Mesa Xeral (30 de xullo de 2010) de Diálogo Social en Galicia, en materia de modernización e innovación tecnolóxica sobre a “inclusión de organizacións empresariais e sindicais na estrutura organizativa do OSIMGA, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica convidou ás organizacións asinantes dos mencionados Acordos a participar nesta sesión ordinaria.

3.1.1 Membros do Pleno do OSIMGA

Relación de membros asistentes ao Pleno do OSIMGA celebrado o día 2 de marzo do ano 2011:

a) Presidente/a: a persoa titular da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

Dona Mar Pereira Álvarez.

b) Vogais:

b.1) A persoa titular da Subdirección Xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica ou persoa que a substitúa.

Dona Yolanda García Ulla.

b.2) A persoa titular da Subdirección Xeral de Sistemas de Información e Modernización da Administración Pública da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

Dona María José García Sexto.

b.3) A persoa titular da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Economía e Industria.

D. Benito Fernández Rodríguez.

b.4) A persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ou persoa que a substitúa.

D. José Norberto Uzal Tresandí.

b.5) A persoa titular da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

D. Jaime Bouzada Romero.

b.6) A persoa titular da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

Dona Rosa María Pedrosa Pedrosa.

b.7) A persoa titular da dirección do Instituto Galego de Estatística.



D. José A. Campo Andión.

b.8) Unha persoa titular de competencias no ámbito da Sociedade da Información e a Modernización pertencente a Administración xeral do Estado.

D. Luis Muñoz López. -Xefe da Área de Indicadores do Observatorio Nacional de Telecomunicacións e Sociedade da Información (ONTSI) da Entidade Pública Empresarial Red.es. -

b.9) Unha persoa representante das universidades públicas de Galicia, designada por proposta do Consello Galego de Universidades.

D. Juan Arias Rodríguez.

b.10) Unha persoa representante dos concellos de Galicia designada por proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias (FE-GAMP).

Excusou a súa asistencia D. Iván Puentes Rivera.

b.11) Unha personalidade de recoñecido prestixio a nivel autonómico, nacional ou internacional en materia de Sociedade da Información.

Excusou a súa asistencia D. Enrique Dans Pérez.

b.12) Unha personalidade de recoñecido prestixio a nivel autonómico, nacional ou internacional en materia de Modernización Administrativa.

D. Dositeo Rodríguez Rodríguez.

c) Secretario/a: persoa pertencente a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica con nivel mínimo de xefe de servizo.

D. Jesús Castro Barreiro.

Persoas convidadas:

- Dona Mar Alfonsín Madrigal. Gabinete Técnico da UGT.
- Dona Margarita Ardao Rodríguez. Técnico da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.
- Dona Irene Bonome Gradaílle. Técnico da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.
- D. Jorge Cebreiros Arce. Presidente de INEO. Representante da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).
- D. Castor Fernández Soto. Responsable de Defensa do Público da Federación de Servizos á Cidadanía de CCOO.
- Dona Araceli de Lucas Sáinz. Directora de Servizos de Información Europea. Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).



3.1.2 Informe sobre o Estado da Sociedade da Información en Galicia 2011

O Pleno do OSIMGA analizou os últimos datos dispoñibles da situación actual da Sociedade da Información en Galicia nos seguintes ámbitos de observación: cidadanía, empresas, sector empresarial TIC, eGoberno e infraestruturas de telecomunicacións.

Advírtese que alén dos datos facilitados polo IGE e as enquisas realizadas polo INE que se presentan neste informe, serán as observacións planificadas e postas en marcha polo OSIMGA, as que permitirán obter unha información máis detallada e datos actualizados para a elaboración de diagnósticos específicos e para a actualización do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica expuxo as conclusións máis relevantes do estado da Sociedade da Información en Galicia:


- A fenda dixital entre o hábitat urbano e rural
- A atomización empresarial e os baixos niveis de equipamento e uso TIC nas microempresas.
- O avance nas infraestruturas de telecomunicacións a través do Plan de Banda Larga.
- A posición destacada de Galicia na administración electrónica, sendo o obxectivo acadar o nivel 4 (trámite completo) na interacción nos servizos electrónicos da Xunta de Galicia coa cidadanía e empresas.
- Resultados positivos no ámbito da Sanidade e un esperado avance nos ámbitos da Xustiza e Educación.



3.1.3 Plan de Traballo Anual do OSIMGA 2011

O Pleno do Observatorio aprobou o Plan de traballo anual 2011 que describe as tarefas que configuraron o programa de traballo do Observatorio ao longo do pasado ano, co obxectivo xeral de desenvolver as funcións que ten encomendadas no Decreto 21/2010 do 4 de febreiro de 2010 (DOG, 26 de febreiro de 2010).

No documento faise unha presentación sistemática de todas as enquisas e observacións do OSIMGA, de carácter xeral e temático, propostas para o ano 2011, descríbense os proxectos e actividades do Observatorio no marco do III Plan Galego de Estatística 2007-2011 e a previsión de traballo para a segunda fase do estudo sobre “O Uso das TIC para a integración laboral das persoas con discapacidade”, reunindo o Panel de expertos e elaborando un informe final e unha guía descritiva dos casos de éxito máis significativos existentes en Galicia.



Entre as melloras do OSIMGA durante o ano 2011, proponse a aco-
tida dunha serie de melloras estruturais no portal web do Observatorio co ob-
xectivo de optimizar a navegabilidade e accesibilidade de todos os seus conti-
dos, ofrecendo ademais unha imaxe renovada.

Finalmente, planifícase a continuidade da colaboración establecida con
distintos observatorios, organismos ou entidades, impulsando ademais a orga-
nización de eventos formativos, reunións de expertos ou grupos de traballo.





3.2. Observacións de carácter xeral

3.2.1 Enquisas sobre a Sociedade da Información en Galicia

O OSIMGA publicou os resultados das Enquisas sobre a Sociedade da Información en Galicia relativas á evolución do equipamento e uso das TIC nos seguintes ámbitos de observación:

- Empresas de Galicia con 10 e máis empregados/as
- Empresas galegas de menos de 10 empregados/as
- Empresas TIC de Galicia.

Estes traballos inclúen os indicadores sobre o software libre nun módulo complementario ás enquisas sobre a Sociedade da Información en Galicia no ámbito empresarial e tamén os indicadores de banda larga, que contribúen a realizar a avaliación do Plan Director de Banda Larga.

Cómpre subliñar que os indicadores analizados nas enquisas postas en marcha polo OSIMGA proporcionan unha comparativa cos estudos dos principais organismos estatísticos estatais e europeos (INE e Eurostat), ofrecendo información sobre o grao de avance e converxencia de Galicia co seu contorno nos distintos ámbitos de estudo.

Estas enquisas complementan as realizadas polo IGE e INE, ampliando indicadores e permitindo novas desagregacións de datos que ofrecen información estratéxica para comprender as causas da fenda dixital en Galicia e realizar un seguimento sobre a evolución da penetración das TIC nos colectivos en risco de exclusión da Sociedade da Información. En particular, as enquisas do OSIMGA proporcionan información adicional no referido á:

- Conectividade a Internet a través de banda larga: calidade da conexión a Internet, servizos que motivarían a contratación de Internet,...
- Indicadores relativos ás empresas de menos de 10 empregados/as: factura electrónica, ERP para compartir información sobre compras/vendas con outras áreas da empresa, ferramentas CRM,...
- Comercio electrónico nas empresas de Galicia
- Análise polo miúdo do sector empresarial das TIC





A Sociedade da Información nas empresas de Galicia de 10 e máis empregados/as. Ano 2010



Obxecto de estudo: sociedades e persoas físicas de 10 e máis empregados/as, con actividade en Galicia.

Nº de enquisas: 500

Contido da investigación: equipamento tecnolóxico e servizos relacionados coa Sociedade da Información, intercambio automatizado de datos, usos empresariais en materia de comercio electrónico, sistemas TIC para compartir información electronicamente con provedores e clientes, uso do software libre, actividades formativas relacionadas coas TIC, contratación de persoal especialista en TIC e nivel de investimento neste eido. Inclúe un módulo sobre a situación do software libre e un módulo de banda larga.

Variables de desagregación: actividade da empresa, provincia e número de asalariados/as sempre que repercutan dun xeito significativo na variable de referencia.

Tipo de enquisa: Entrevista autoadministrada con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou personalmente para a súa cobertura.


Período de referencia: o ano 2010 para as variables de fluxo e para as variable de fondo decembro de 2010.

Traballo de campo: do 1 de marzo ao 20 de abril de 2011.

Documentos:

[Diagnóstico 2010](#)

[Resumo executivo](#)





A Sociedade da Información nas empresas de Galicia de menos de 10 empregados/as. Ano 2010



Obxecto de estudo: sociedades e persoas físicas (empresas de menos de 10 empregados/as) con actividade en Galicia.

Nº de enquisas: 825

Variables de desagregación: actividade da empresa, condición xurídica e número de asalariados/as sempre que repercutan dun xeito significativo na variable de referencia.

Contido da investigación: equipamento tecnolóxico e servizos relacionados coa Sociedade da Información, intercambio automatizado de datos, usos empresariais en materia de comercio electrónico, sistemas TIC para compartir información electronicamente con provedores e clientes, uso do software libre, actividades formativas relacionadas coas TIC, contratación de persoal especialista en TIC e nivel de investimento neste eido. Inclúe un módulo sobre a situación da banda larga.

Tipo de enquisa: Entrevista autoadministrada con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou personalmente para a súa cobertura.

Período de referencia: o ano 2010 para as variables de fluxo e para as variable de fondo decembro de 2010.

Traballo de campo: do 1 de marzo ao 20 de abril de 2011.

Documentos:

[Diagnóstico 2010](#)

[Resumo executivo](#)





A Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia. Ano 2010



Obxecto de estudo: sociedades e persoas físicas con actividade en Galicia, adicadas a determinadas actividades relacionadas coas Tecnoloxías da Información e Comunicación agrupadas en 5 grupos clasificatorios.

Nº de enquisas: 412 entrevistas

Variables de desagregación: actividade da empresa, provincia, condición xurídica e número de asalariados/as sempre que repercutan dun xeito significativo na variable de referencia.

Contido da investigación: Caracterización do sector TIC de Galicia, equipamento e servizos especializados das empresas TIC en materia tecnolóxica, grao de innovación, uso do comercio electrónico, actividades formativas relacionadas coas tecnoloxías ou servizos da Sociedade da Información, percepción estratéxica do sector e perspectivas de mercado. Inclúe un módulo sobre a situación do software libre.

Tipo de enquisa: Entrevista autoadministrada vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou personalmente para a súa cobertura.

Traballo de campo: do 18 de marzo ao 20 de abril de 2011.

Documentos:

[Diagnóstico 2010](#)

[Resumo executivo](#)





3.2.2 A Administración electrónica nos Concellos de Galicia.

O OSIMGA publicou os resultados das Enquisas sobre a administración electrónica nos concellos de Galicia correspondentes ao ano 2010. Este traballo de campo foi realizado en estreita colaboración coa Oficina eConcellos, dentro do marco estratéxico da Axenda Dixital e do Plan eConcellos.

Cabe salientar que o Observatorio realizou a enquisa a través dunha plataforma habilitada a través do portal de Eido local para cubrir os cuestionarios. Esta enquisa electrónica consta de tres módulos: Servizos electrónicos; Equipamentos, aplicacións e programas informáticos e Actuacións e Melloras.

A Administración electrónica nos Concellos de Galicia. Ano 2010

Obxecto de estudo: todos os concellos de Galicia (315).

Nº de enquisas: 187

Variables de desagregación: número de habitantes do concello, provincia.

Contido da investigación: dispoñibilidade de equipamento informático e de comunicacións, uso de aplicacións e plataformas da eAdministración e certificados dixitais, carencias en equipamento, conectividade de banda larga e servizos TIC, procedementos e trámites proporcionados polos concellos a través de Internet, canles de comunicación para facilitar a participación dos cidadáns a través de medios electrónicos. Inclúe indicadores específicos sobre o uso do software libre.

Tipo de enquisa: Cuestionario electrónico (Internet).

Traballo de campo: do 9 de novembro de 2010 a 3 de xuño de 2011

Documentos:

[Informe final](#)

[Resumo executivo](#)





3.2.3 A Administración electrónica na Xunta de Galicia.

O Observatorio publicou os últimos datos e informes relativos á eAdministración na Xunta de Galicia. O cuestionario utilizado para o traballo de campo toma como modelo a Enquisa da Administración Electrónica do Observatorio de Administración Electrónica do Ministerio de Política Territorial e Administración Pública que se desenvolve no marco dun grupo de traballo no que interveñen todas as Comunidades Autónomas e coa participación do OSIMGA.

Enquisa da eAdministración na Xunta de Galicia 2010

Obxecto de estudo: as 10 Consellerías da Xunta de Galicia.

Contido da investigación: administración electrónica da Xunta, goberno electrónico, prestación de servizos públicos a través das TIC e mecanismos da democracia electrónica que permiten a participación da cidadanía na toma de decisións.

Tipo de enquisa: Os datos foron proporcionados polos responsables informáticos de cada organismo.

Traballo de campo: entre maio e xullo de 2011

Período de referencia: A data de referencia para as variables de fondo (numéricas) é o 1 de xaneiro de 2011 e o período para as variables de fluxo, aquelas preguntas referidas a un intervalo de tempo, é o ano 2010.

Documentos:

[Resultados detallados por Consellerías](#)

[Iniciativas](#)





3.3. Observacións temáticas

3.3.1 O software libre nas pequenas e medianas empresas de Galicia 2010

O Observatorio fixo públicos os resultados do estudo sobre o uso e a implantación do software libre nas pequenas e medianas empresas de Galicia, realizado a partir da información contida obtida nas enquisas de ámbito xeral.

O software libre nas pequenas e medianas empresas de Galicia 2010

Obxecto de estudo: sociedades con actividade en Galicia, de 10 a 249 asalariados/as que non son persoas físicas.

Nº de enquisas: 412 entrevistas

Variables de desagregación: actividade da empresa, provincia e número de asalariados/as, sempre que repercutan dun xeito significativo na variable de referencia.

Contido da investigación: Principais datos do Software Libre e comparativa desde o ano 2006 (Grao de penetración do Software Libre e do Software Propietario segundo as características das empresas e o seu aloxamento en ordenadores e/ou servidores); Características das empresas que non utilizan Software Libre (Análise das motivacións e perspectivas das entidades que non utilizan o Software Libre); Perspectiva Xeral das empresas sobre o Software Libre (Perspectiva de evolución destes produtos no futuro para as empresas e a utilidade percibida.)

Tipo de enquisa: Entrevista autoadministrada con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura.


Período de referencia: o ano 2010 para as variables de fluxo e para as variable de fondo decembro de 2010.

Traballo de campo: do 1 de marzo ao 20 de abril de 2011.

Documentos:

[Informe final](#)

[Resumo executivo](#)





3.3.2 O software libre nas empresas informáticas de Galicia 2010

O OSIMGA publicou tamén o estudo sobre o uso e a implantación do software libre nas empresas informáticas de Galicia, realizado a partir da información contida obtida nas enquisas de ámbito xeral.

O software libre nas empresas informáticas de Galicia 2010

Obxecto de estudo: empresas informáticas con actividade en Galicia (CNAE 2009: 62, 63.11, 63.12, 58.2, 95.1, 46.5), que non son persoas físicas e que teñen de 0 a 49 traballadores / as. O universo está conformado por 1.286 unidades.

Nº de enquisas: 275

Contido da investigación: Principais datos do Software Libre e comparativa desde o ano 2006 (Grao de penetración do Software Libre e do Software Propietario segundo as características das empresas informáticas e a súa dispoñibilidade en ordenadores e/ou servidores); Características das empresas informáticas que non utilizan Software Libre (motivacións e perspectivas das entidades que non utilizan Software Libre); Perspectiva Xeral das empresas informáticas sobre o Software Libre (evolución destes produtos no futuro e utilidade percibida polas empresas).

Tipo de enquisa: Entrevista autoadministrada vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou personalmente para a súa cobertura.

Traballo de campo: do 18 de marzo ao 20 de abril de 2011.

Documentos:

[Informe final](#)

[Resumo executivo](#)





3.3.2 O software libre nos Concellos de Galicia 2010

O OSIMGA fixo público o estudo sobre o uso e a implantación do software libre nos Concellos de Galicia, realizado a partir da información contida obtida nas enquisas de ámbito xeral.

O software libre nos Concellos de Galicia 2010

Obxecto de estudo: todos os concellos de Galicia (315).

Nº de enquisas: 179

Variables de desagregación: número de habitantes do concello, provincia.


Contido da investigación: uso do software libre nos concellos para o ano 2010 e comparativa con anos anteriores, aplicacións (plataformas utilizadas); concellos que non empregan ou non dispoñen de software libre (motivacións e barreiras); situación da formación en materia informática; servizos informáticos prestados aos cidadáns.

Tipo de enquisa: Cuestionario electrónico (Internet).

Traballo de campo: do 9 de novembro de 2010 a 3 de xuño de 2011

Documentos:

[Informe final](#)





3.3.3 Indicadores sobre Banda Larga 2010

O Observatorio publicou, por vez primeira, de maneira conxunta cos resultados das Enquisas sobre a Sociedade da Información en Galicia relativas á evolución do equipamento e uso das TIC nas empresas de Galicia, o informe específico de Indicadores sobre banda larga.

Indicadores sobre banda larga. Ano 2010

Obxecto de estudo: sociedades e persoas físicas con actividade en Galicia.

Nº de enquisas: 500 entrevistas a empresas de 10 ou máis empregados; 825 entrevistas a empresas de menos de 10 empregados.

Variables de desagregación: actividade da empresa, condición xurídica ou provincia e número de empregados/as, sempre que repercutan dun xeito significativo na variable de referencia.

Contido da investigación: grao de penetración de Internet e da banda larga nas empresas galegas e a súa caracterización, así como as motivacións e apreciacións das empresas que carecen del. Modalidade de conexión a Internet (tecnoloxías de acceso á Rede e velocidade de conexión).


Tipo de enquisa: Entrevista autoadministrada con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura.

Período de referencia: o ano 2010 para as variables de fluxo e para as variable de fondo decembro de 2010.

Traballo de campo: do 1 de marzo ao 20 de abril de 2011.

Documentos:

[Informe final](#)





3.3.4 O uso das TIC para a integración laboral das persoas con discapacidade

O OSIMGA fixo público o informe final do estudo sobre “O uso das TIC para a integración laboral das persoas con discapacidade”. Esta investigación cualitativa posta en marcha polo Observatorio en 2010, trata de obter unha valoración experta do coñecemento e uso xeral das TIC por parte dos colectivos galegos de persoas con discapacidade.

O uso das TIC para a integración laboral das persoas con discapacidade

Obxecto de estudo: Posibilidades, problemas e dificultades que atopan as persoas con discapacidade de Galicia no acceso á Sociedade da Información, como medio de integración laboral e empresarial, para mellorar a súa calidade de vida e o seu desenvolvemento persoal, profesional e social, facendo fincapé nas obrigas e responsabilidades dos axentes implicados neste proceso. (Boas prácticas e casos de éxito).

Tipo de estudo: Estudo cualitativo. Panel experto (cuestionario previo e xuntanza de avaliación) e estudo documental.

Composición do panel: Asociación de Empresarios Discapacitados de Galicia (AED), Asociación Galega de Empresas de Software Libre (AGASOL), Autismo Galicia, Comité de Representantes de Minusválidos (CERMI – Galicia), Confederación Española de Federations e Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e Afíns (ASPACE Galicia), Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, Down Galicia, Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), Federación de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (FADEMGA FEAPS GALICIA), Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE), OSIMGA

Contido da investigación: Grao de uso dos servizos de Internet, Causas que dificultan o acceso á Sociedade da Información (Factores inhibidores das TIC); inserción laboral, principais ocupacións; Causas que dificultan a integración laboral; Uso das TIC para a integración laboral; Promoción do uso das TIC para a inserción laboral das persoas con discapacidade; Medidas propostas; Identificación de boas prácticas e casos de éxito; Proxectos I+D+i, guía descritiva dos casos de éxito máis significativos.

Documentos:

[Informe final](#)





3.4. Proxectos no marco do Plan Galego de Estatística

O OSIMGA figuraba no III Plan Galego de Estatística 2007-2011 como instrumento para ofrecer información sobre o desenvolvemento das TIC e a administración electrónica en Galicia.

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, a través do OSIMGA, é a responsable da realización das seguintes operacións e actividades estatísticas:

Operacións e actividades estatísticas


Código	Operación/actividade estatística	Estado Ano 2011
41-101	Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia	En curso
41-301	Estatística da administración electrónica na Xunta de Galicia	En implantación
41-302	Estatística da administración electrónica nos Concellos de Galicia	En implantación
AE219	Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia	Actividade estatística

En 2011 o OSIMGA tamén participou na elaboración do IV Plan Galego de Estatística 2012-2016 (DOG 24 de novembro de 2011) e no seu Programa Estatístico Anual 2012 (DOG 30 de decembro de 2011), dándolle continuidade ás anteriores operacións e actividades estadísticas.

3.4.1 Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia

Dando cumprimento ao programa estatístico anual para o ano 2011, o Observatorio publicou en decembro unha edición actualizada do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

O “Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia” ten carácter de continuidade, figurando como unha actividade estatística consolidada na recente Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan galego de estatística para o período 2012-2016 (DOG, 24 de novembro de 2011), o instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma de Galicia.





O Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia está composto por 39 indicadores, que permiten monitorizar a evolución da penetración e uso das tecnoloxías nos seguintes ámbitos: poboación, empresas, sector TIC e administración electrónica. Ademais, achega información sobre o ritmo de crecemento nos últimos catro anos.

Os datos pódense consultar en: <<http://www.osimga.org/gl/estadisticas/>>



3.4.2 A Administración electrónica na Xunta e nos Concellos de Galicia

En 2011 o OSIMGA realizou unha nova edición das Estatísticas sobre a Administración electrónica na Xunta de Galicia e nos Concellos de Galicia. En cumprimento do Programa estadístico anual 2011, no mes de decembro, o Observatorio remitíu ao IGE os resultados destas dúas operacións estatísticas.

3.4.3 Integración de indicadores

O OSIMGA iniciou en 2011 unha nova liña de colaboración co IGE para integrar os principais indicadores sobre a Sociedade da Información na Poboación de Galicia na “Enquisa de Condicións de Vida das Familias”. Neste período definíronse os 9 indicadores sobre equipamento e uso das TIC na poboación de Galicia que avaliará anualmente o IGE na súa enquisa de “Condicións de Vida das Familias”.





3.5. Sistema de Información e Vixilancia

O Decreto 21/2010 define o OSIMGA coma órgano asesor e coma sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información en Galicia. Durante o ano 2011 o Observatorio ampliou e mellorou o seu dispositivo de información e vixilancia especializada co obxectivo de xestionar e ofrecer á sociedade galega toda a información sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.


3.5.1 Vixilancia e análise de fontes de información externas

Xunto cos labores vinculados ás observacións propias, o OSIMGA dou continuidade en 2011 ás tarefas de vixilancia e análise fontes de referencia externas. Este traballo facilita a realización de análises comparativas e aliñacións de datos de Galicia con outros marcos xeográficos que se aproveitan para a realización de informes de situación, resolución de consultas, noticias e outros produtos de información OSIMGA.

Este labor de vixilancia tamén monitorizou e analizou durante o pasado ano a información que se difunde desde as distintas consellerías e organismos públicos de Galicia sobre a execución dos distintos proxectos relacionados coa sociedade da información. O Observatorio tamén analizou as perspectivas máis relevantes realizadas por grupos de investigación e estudos comerciais do noso contorno.

Principais estudos externos analizados en 2011:


- AIMC. 13ª 'Encuesta a Usuarios de Internet (Navegantes en la Red)' Asociación para a Investigación de Medios de Comunicación, 2011
- AMETIC. 'Informe anual 2010'. Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnologías de la Información y Telecomunicaciones de España (AMETIC), 2011
- AMETIC. 'Estudio sobre salarios y política laboral en el sector de la Electrónica', 2010. AMETIC, 2011
- AMETIC. 'La Industria de los Contenidos Digitales 2011'. Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnologías de la Información y Telecomunicaciones de España (AMETIC), 2011
- AMETIC. 'Las Tecnologías de la Información en España 2010'. Asimelec, 2011
- AMETIC. 'Las Tecnologías de la Información y las Comunicaciones en la empresa española 2011'. AMETIC; Red.es (ONTSI), 2011
- CENTAC. 'Investigación sobre las Tecnologías de la Sociedad de la Información para Todos', Centro Nacional de Tecnoloxías da





Accesibilidade (Centac)

- CMT. *'El comercio electrónico en España a través de entidades de medios de pago - Año 2011'*. Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT), 2011
- CMT. *'Informe Anual'*. Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT), 2011
- CMT. [Notas mensuais e informes trimestrais da CMT], Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT), 2011
- COMISIÓN EUROPEA. *'Special Eurobarometer: Attitudes on Data Protection and Electronic Identity in the European Union'*. Comisión Europea, 2011
- CONSELLO DA CULTURA GALEGA. II Mapa Cultural de Galicia. Consello da Cultura Galega, 2011
- CRUE. *'Informe Universitico 2011'*, Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas (CRUE), 2011
- ENISA. *'Primer Estudio Nacional sobre el uso de las Redes Sociales por parte de las Pymes españolas'*. Fundación Banesto, Empresa Nacional de Innovación (ENISA), 2011
- EUROSTAT. *'ICT usage in enterprises 2011'*. Eurostat, 2011.
- EUROSTAT. *'Internet use in households and by individuals in 2011'*. Eurostat, 2011.
- FEDERACIÓN DE GREMIOS DE EDITORES DE ESPAÑA. *'El Libro digital en España: impacto de la digitalización en el catálogo, canales de distribución y de venta y política comercial'*. Federación de Gremios de Editores de España (FGEE); Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- FUNDACIÓN ONCE *'Accesibilidad de plataformas de Redes Sociales'*. Observatorio Accesibilidad TIC discapnet, Fundación ONCE, 2010
- FUNDACIÓN ONCE. *'Observatorio de la Accesibilidad Universal de los Municipios'*. Fundación ONCE, 2011
- FUNDACIÓN ORANGE. *'España 2011'*. Fundación Orange, 2011
- FUNDETEC. *'El trabajador autónomo y la Sociedad de la Información 2010'*. Fundetec, 2011
- FUNDETEC. *'Informe ePyme 2010'* Fundetec, 2011
- INE. *'Equipamiento y uso de las tecnologías de la información y la comunicación en los hogares'*. Instituto Nacional de Estadística, 2011
- INE *'Estadística de Bibliotecas correspondiente al año 2010'*, Instituto Nacional de Estadística, 2011
- INE. *'Uso de las TIC y del comercio electrónico en las empresas 2010/2011'*. Instituto Nacional de Estadística, 2011
- INE. *'Indicadores del Sector TIC'* [correspondientes ao ano 2009], .





Instituto Nacional de Estadística, 2011

- INTECO. 'Estudio sobre la seguridad de la información y la e-confianza de los hogares españoles', Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación (INTECO), 2011
- INTECO. '*Estudio sobre la privacidad y la seguridad de los datos personales en el sector sanitario español*', Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación (INTECO), 2011
- OBSERVATORIO E-IGUALDAD '*Estudio sobre la brecha digital de género en la juventud española*'. Observatorio e-igualdad, 2011
- OBSERVATORIO E-IGUALDAD. '*La inclusión digital de mujeres y hombres en España*'. Observatorio e-igualdad, 2011
- OCDE. '*Informe PISA - Electronic Reading Assessment 2009*'. [Programa para la Evaluación Internacional del Alumnado]. OCDE. Informe español. Ministerio de Educación, 2011
- ONTSI. '*Informe Anual de los contenidos Digitales en España 2011*', ONTSI, 2011
- ONTSI. '*Informe del Sector de las Telecomunicaciones y de las Tecnologías de la Información en España*'. ONTSI, 2011
- ONTSI. '*La Sociedad en Red 2010 (edición 2011)*', ONTSI, 2011.
- ONTSI. '*Las Redes Sociales en Internet*', ONTSI, 2011.
- ONTSI. '*Perfil sociodemográfico de los Internautas 2010*', ONTSI, 2011
- ONTSI. '*Principales indicadores relacionados con la Administración Electrónica, penetración y uso de las TIC en Sanidad, Justicia y Educación en España*'. ONTSI, 2011.
- ONTSI. '*Tecnologías de la Información y las Comunicaciones en la microempresa española*', ONTSI, 2011.
- ONTSI. '*Tecnologías de la Información y las Comunicaciones en las Pymes y grandes empresas españolas. Edición 2011.*', ONTSI, 2011.
- ONTSI. '*Indicadores de Seguimiento de la Sociedad de la Información por Comunidades Autónomas*', ONTSI, 2011.
- UIT. '*Measuring the Information Society*'. UIT (Unión Internacional de Telecomunicaciones), 2011
- XUNTA DE GALICIA. Axenda Dixital de Galicia 2014.gal: Balance 2010. Xunta de Galicia, 2011





3.5.2 Versión avanzada da Web OSIMGA

Durante este ano o Observatorio renovou completamente a súa presenza en Internet. Conforme á planificación aprobada no segundo Pleno do OSIMGA, celebrado o día 2 de marzo de 2011, o Observatorio acometeu unha serie de melloras estruturais na súa sede web (www.osimga.org) co obxectivo de optimizar a navegabilidade e accesibilidade de todos os seus contidos, ofrecendo ademais unha imaxe renovada


Entre as melloras de accesibilidade cabe salientar a implementación do sistema de voz na web que permite suprimir algunhas barreiras mediante a lectura automatizada, achegando a información e os servizos do OSIMGA ás persoas, cuxa discapacidade (visual, psíquica...) ou mesmo a súa preparación non lles permite a lectura e comprensión de textos longos.



A nova web do OSIMGA incorporou un completo redeseño, cunha estrutura máis funcional que aporta maior visibilidade aos contidos e as ferramentas dispoñibles. Entre as novidades neste capítulo cabe salientar a presenza dunha nube de 'tags' baixo o epígrafe de 'OSIMGA en palabras', novos e atractivos destaques para as estatísticas e os documentos propios do Observatorio, unha nova axenda e a versión mellorada do boletín electrónico que semanalmente reciben máis de 1700 subscritores en liña.

En canto á xestión dos contidos, hai que salientar a implementación no CMS do Observatorio do sistema Vixía, desenvolvido pola Unidade Vixilancia e Transferencia Tecnolóxica do CIS Galicia, unha ferramenta que vai servir de apoio á redacción web do OSIMGA para a selección de 'Titulares na Rede'.

A web, realizada en código aberto, é a principal ferramenta de difusión pública das actividades realizadas polo OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada e unha referencia experta no seu ámbito. Esta web é unha canle aberta de comunicación e difusión dos datos, informacións, estudos e outros materiais elaborados polo Observatorio.





A través da súa web, que este ano recibiu máis de 35.000 visitas, o Observatorio subministra unha selección de noticias de actualidade, eventos, enlaces con outras fontes de información, observatorios ou entidades relacionadas coa modernización da Administración autonómica galega e a Sociedade da Información en Galicia. Ademais, o fondo histórico do OSIMGA presenta unha panorámica, ordenada de xeito cronolóxico e temático, da evolución da Sociedade da Información e a Administración electrónica en Galicia.

3.5.3 Plan de difusión na web 2.0

Coas melloras acometidas na web do OSIMGA e a súa recente integración coas novas canles 2.0 da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica douse un novo paso no camiño cara un modelo de administración aberta (Open Government), primando as relacións cos cidadáns e o contacto directo con eles, facéndose máis transparente, participativa e colaborativa.

Para dar continuidade ás accións de impulso do OSIMGA nas redes sociais, durante o ano 2011 o Observatorio potenciou a comunicación cos principais medios sociais do ámbito TIC e, en particular, cos axentes galegos da Sociedade da Información, outros departamentos e entidades da administración, o sector galego das TIC... así como o seguimento de diversos blogs sobre modernización e Sociedade da Información.

3.5.4 Normalización dos procedementos de resposta

A fin de mellorar a calidade dos servizos de información ao público, durante este ano o OSIMGA tamén renovou os procedementos de resposta ás consultas recibidas. Este proceso de normalización interno redunha nunha maior axilidade do servizo nun modelo de resposta máis estruturado.

3.5.5 Actualización do Catálogo de Servizos

O OSIMGA actualizou o “Cadro básico de indicadores de calidade” do seu Catálogo de Servizos. Esta ferramenta serve para avaliar e dar conta do cumprimento dos compromisos de calidade asumidos polo Observatorio.





3.6. Colaboracións

O OSIMGA, dou continuidade durante o ano 2011 ao importante capítulo das colaboracións, apoiando, organizando e integrando distintos grupos de traballo temáticos compostos por distintos organismos e institucións a fin de promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades

[3.6.1 Colaboración co CENATIC e co Observatorio Nacional do Software de Fontes Abertas.](#)

Co gallo da incorporación de Galicia ao Centro Nacional de Referencia de Aplicación das TIC baseadas en Fontes Abertas (CENATIC), o OSIMGA estableceu en 2011 unha liña de colaboración con ONSFA (Observatorio Nacional do Software de Fontes Abertas) sobre indicadores en materia de software libre. Ademais, o OSIMGA ofreceu o seu apoio para a celebración das reunións do Padroado e da Comisión executiva do CENATIC en Galicia, facilitando os principais datos relativos á situación e evolución do Software Libre en Galicia.



[3.6.2 Colaboración co Instituto Galego de Estatística](#)

Un ano máis o Observatorio mantivo unha permanente colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE) no marco do III Plan Galego de Estatística 2007-2011, especialmente en todo o relacionado co avance das operacións e actividades estatísticas cuxa responsabilidade recae sobre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. Ademais, este ano abordouse a planificación destas actividades no marco do novo Plan Galego de Estatística (PGE) 2012-2016. Avanzouse tamén na integración dos indicadores sobre a Sociedade da Información na Poboación na “Enquisa de Condicións de Vida das Familias”.



[3.6.3 Observatorio da Administración Electrónica das Comunidades Autónomas](#)

O OSIMGA segue a colaborar co grupo de traballo “Observatorio de la Administración Electrónica de las Comunidades Autónomas”, creado no marco do Comité Sectorial de Administración Electrónica, dependente do Ministerio de Política Territorial e Administración Pública.





3.6.4 Colaboración co tecido asociativo galego das persoas con discapacidade

Coa publicación, en decembro de 2011, dun informe final o OSIMGA dou por rematado o seu estudo sobre “O uso das TIC para a integración laboral das persoas con discapacidade”.

O OSIMGA centrou nesta ocasión a súa metodoloxía de traballo na constitución e actividade dun panel de expertos. Este traballo de panel contou coa colaboración da Consellería de Traballo e Benestar e dos principais colectivos e federacións galegas de persoas con discapacidade: Asociación de Empresarios Discapacitados de Galicia (AED), Asociación Galega de Empresas de Software Libre (AGASOL), Autismo Galicia, Comité de Representantes de



REUNIÓN DO PANEL EXPERTO. EGAP, ABRIL 2011

Minusválidos (CERMI – Galicia), Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, Confederación Española de Federacións e Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e Afíns (ASPACE Galicia), Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), Down Galicia, Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), Federación de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (FADEMGA FEAPS GALICIA), Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE)

Este instrumento de observación vinculou aos distintos axentes para reunir unha base de información cualitativa, indispensábel para poñer en marcha as sinerxias que permitan mellorar a toma de decisións, as políticas de planificación e as iniciativas sociais que han contribuír ao fomento da normalización da vida das persoas con discapacidade e a súa inclusión na sociedade da información.

3.6.5 Colaboración coa Fundación Telefónica

No marco de colaboración que o Observatorio vén desenvolvendo coa Fundación Telefónica, elaborouse un informe sobre a situación da Sociedade da Información en Galicia en 2011 que recompila os principais indicadores e a realidade dixital de Galicia a través dos seus proxectos máis relevantes. Esta colaboración integrouse no informe “La Sociedad de la Información en España 2011”, publicado en xaneiro de 2012. O OSIMGA tamén colaborou na presentación do informe correspondente ao ano 2010. No mes





de setembro, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica presentou o informe Galicia Sociedade Dixital, correspondente ao ano 2010. Este informe foi elaborado no marco de colaboración entre o OSIMGA e Fundación Telefónica.


3.6.6 Colaboración coa Unidade de Muller e Ciencia.

O OSIMGA realiza un seguimento continuo dos indicadores da penetración das TIC atendendo á perspectiva de xénero, recabando os datos sobre a presenza de mulleres no sector empresarial TIC e as súas funcións no cadro de persoal destas empresas co fin impulsar liñas de actuación tendentes a corrixir a situación de desigualdade. Desde que en xuño de 2010, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica entrara a formar parte da Unidade de Muller e Ciencia, estableceuse unha estreita colaboración co OSIMGA que se concretou nas aportacións ao informe “Situación das mulleres no sistema de ciencia – tecnoloxía – empresa de Galicia”, publicado en xaneiro de 2011, na organización en maio da xornada ‘Construíndo un sector TIC en igualdade’ e noutras contribucións aos estudos da Unidade de Muller e Ciencia.



3.6.7 Colaboración coa Unidade de Vixilancia e Transferencia de Tecnoloxía do CIS Galicia.

En 2011, o OSIMGA estableceu unha liña de colaboración co CIS Galicia, da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia para o aproveitamento da plataforma tecnolóxica “Vixía” en apoio dos labores de Vixilancia Tecnolóxica que realiza o OSIMGA.





3.7. Eventos realizados

3.7.1 Construindo a identidade dixital

O día 26 de xaneiro de 2011, foi presentado o informe “Construíndo a identidade dixital: Situación actual da sinatura electrónica e das entidades de certificación”, ao abeiro dunha intensa xornada de debate celebrada na Escola Galega de Administración Pública e que contou coa presenza de expertos en representación de *Agència Catalana de Certificació*, Albalia Interactiva, Camerfirma, Fabrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT-RCM), Concello de Santiago de Compostela, Corpo Nacional de Policía, Firmaprofesional, *Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación* (INTECO), Tractis, Xunta de Galicia e *Ziurta-pen eta Zerbizu Enpresa*-Empresa de Certificación e Servizos (IZENPE).

O informe foi editado polo Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) en colaboración coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, no marco dun convenio asinado coa Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. O traballo contou con aportacións do Observatorio e forma parte da colección de observacións temáticas do OSIMGA que se realiza en colaboración cos principais axentes da Sociedade da Información.

Pódese consultar este estudo en:

<http://www.osimga.es/gl/documentos/doc_propios/observacions_tematicas/>



XORNADA, “CONSTRUÍNDOL A IDENTIDADE DIXITAL”, EGAP 2011





3.7.2 Construíndo un sector TIC en igualdade

A xornada ‘Construíndo un sector TIC en igualdade’. Este evento, celebrado en maio no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, tiña o obxectivo de sensibilizar ás empresarias e empresarios para promover a igualdade de oportunidades no sector da Sociedade da Información, impulsando o perfil profesional das mulleres galegas, analizando os factores e as barreiras que dificultan a súa presenza en profesións relacionadas coas novas tecnoloxías, e estudar o papel que desempeñan a familia, profesorado e medios de comunicación na escolla de carreiras por parte da xuventude.



CONSTRUÍDO UN SECTOSR TIC EN IGUALDADE, 2011

Durante a xornada difundíronse casos de éxito e acción positivas de promoción das mulleres nas TIC, presentando boas medidas e prácticas que contribúen ao crecemento e expansión das empresas lideradas por mulleres no sector TIC.

3.7.3 O uso das TIC para a integración laboral das persoas con discapacidade

En decembro de 2011 presentouse na Biblioteca de Galicia (Cidade da Cultura de Galicia) o informe final do estudo sobre “O uso das TIC para a integración laboral das persoas con discapacidade”, posto en marcha polo Observatorio en 2010.

O acto, celebrado na véspera do Día Internacional das Persoas con Discapacidade, contou coa participación das secretarías xerais de Modernización e Innovación Tecnolóxica e de Política Social, Mar Pereira e Coro Piñeiro, respectivamente. A difusión deste documento contribuirá a reducir o descoñecemento sobre a existencia de solucións baseadas nas TIC para salvar as barreiras de accesibilidade nas actividades laborais.

Así o sinalaron os expertos que participaron no informe que consideran que boa parte das empresas de Galicia deben avanzar tecnoloxicamente para integrar ás persoas con discapacidade.



PRESENTACIÓN DO ESTUDO NA BIBLIOTECA DE GALICIA



3.8. Aportación de datos e análises

[3.8.1 Cadro de mando da Axenda Dixital 2014.gal](#)

O OSIMGA participou en 2011 no deseño do cadro de mando da Axenda Dixital 2014.gal un instrumento que ofrece unha serie de indicadores relativos á Sociedade da Información en Galicia proporcionados polo propio Observatorio e una selección dos principais indicadores relativos a plans, iniciativas e proxectos desenvolvidos dentro da Axenda Dixital 2014.gal. Para a elaboración do cadro de indicadores dos proxectos, cóntase coa colaboración das Conselleiras e organismos dependentes, elaboradores ou executores das actuacións.

[3.8.2 Xuventude 2013](#)

O OSIMGA figura dentro do plan 'Xuventude 2013: unha estratexia para a mocidade galega', como parte do obxectivo estratéxico número 5, "Empregar novas tecnoloxías da información e a comunicación e métodos audiovisuais como complemento da formación formal e non formal da mocidade".

O Observatorio proporcionou en 2011 os datos necesarios para o seguimento deste capítulo do Plan Xuventude 2013.


[3.8.2 Mesa de diálogo social](#)

O OSIMGA, realizou en 2011 unha nova actualización de indicadores destinados á Mesa de diálogo social en materia de modernización e innovación tecnolóxica e racionalización e simplificación das cargas administrativas. Máis concretamente, proporcionáronse datos proporcionados sobre a incentivación e desenvolvemento do sector TIC galego, a extensión do modelo de eGoberno e sobre a potenciación do propio Observatorio.

Nesta liña de colaboración hai que resaltar tamén a participación, por vez primeira, no Pleno do OSIMGA das organizacións empresariais e sindicais. De conformidade cos Acordos asinados na Mesa Xeral (30 de xullo de 2010) de Diálogo Social en Galicia, en materia de modernización e innovación tecnolóxica sobre a "inclusión de organizacións empresariais e sindicais na estrutura organizativa do OSIMGA, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica convidou ás organizacións asinantes dos mencionados Acordos a participar na sesión ordinaria celebrada en Compostela o 2 de marzo de 2011.

[3.8.3 Aportación de datos para outros eventos](#)

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, contou e todo momento co respaldo do labor de observación e análise do OSIMGA, proporcionando datos para outros foros e eventos que se celebraron no ano 2011:





- 17 de Maio. Día de Internet e das Telecomunicacións.
- Presentación do Plan Estratéxico do Clúster TIC
- Fomentando a Autonomía Dixital. Xornadas de e-Accesibilidade, organizadas pola Universidade de Vigo.
- Presentación do Centro Demostrador TIC de Galicia
- Grao da II promoción de Enxeñaría Informática da Universidade de Santiago.
- Proxecto CEDIM





